

# O TIO MARCOS D'A PORTELA

**Os mandamentos d'o Marcos**  
fora d' airexá, son seis:  
facer á todos xusticia,  
non casarse con ninguen,  
falar o gallego enxebre,  
cumprir c' o que manda a ley,  
loitar pol-o noso adianto  
con antusiasmo e con fé,  
vestir calzós e monteira  
peromma sécula amen.



Tenen os pobos a gala  
n-o seu lenguaxe falar:  
fálase chino n-a China,  
portugués en Portugal,  
catalán en Cataluña,  
e n-a Alemania, alemán,  
soilo os gallegos d' agora  
hastra vergonza lles dá  
falar a melosa e dolce  
fala que falan seus pais.

## PÁRAFEOS C' O POBO GALLEGOS

---

Ano séntimo

Ourense 28 de Xunio de 1885

Parrafeo oitenta e catro

---

### AS TRIBS MESAS D' O GALO.

II

Dilín! Dilín! Dilín! Dilin!

Comenza a misa d' o galo. N-a ermida d' o castelo, unha catredal en miniatura, d' arcos enrevesados, con revestimentos de madeira tallada que chegan hastr' o mais alto d' as paredes, colgáronse todol-os cortinaxes, alcendérónse todol-os cirios. ¡E canto xentio! ¡E que traxes! Promeiramente, sentados n-os sillós esculpidos que arrodean o coro, o señor de Trinquelague, vestido de tafetan coor de salmon, e preto d' él todol-os nobres fidalgos cunvidados. Diante por diante, en recrinatorios cobertos de terciopelo colleron canto a vella marquesa viuda c' o seu traxe de brocado coor de fogo, y-a xoven señora de Trinquelague, que locia n-a cabeza alta torre d' encaixe, rizada á xeito d' a corte de Francia. Mais embaixo, campan, vestidos de negro con longas pelucas en punta e co-as caras afeitadas, o xuez, Tomás Arnoton y-o escribao señor Ambroy, duas notas graves entr' as sedas rechamantes y-os damascos brochados. Dempois veñen os fonchos maordomos, os paxes, os picadores, os intendentes y-a señora Bárbara, con todal-as chaves depinduradas ó costado, d' un chaveiro de

prata fina. O fondo, n-os bancos, alcontrábase a baixa servidumbre, as mozas, os caseiros co-a sua xente: e por fin, alá lonxe, arrente d' a porta que entrabren e volven a pechar a modiño, os señores marmitós que veñen entre doux prebes á collar un anaco de misa y-a deixar certo cheiro á cea n-a igrexa festexeira e quente con tantos cirios alcesos.

É a vista d' os gorretes brancos d' os rapaces d' a cocíña, a causa d' as distrauciós padecidas pol-o cura? Ou será mais ben a campaiña de Garrigou, a enrabechada campaiña que estrapexa ó pé d' o altar con furia infernal, e parés dicir todo o tempo: «A presa... A presa... Canto mais cedo acabemos, mais cedo n-os poremos a cear?» O certo é que sempre e cando soa aquela campaiña d' o demo, o crego esquécese d' a misa e non pensa mais que n-a cea. Maxínase as cocíñas barulleiras, os fornos onde arde lume de fragua, o vafo que foxe d' os testos entrabertos, e ant' o vafo doux pavos manílicos, acugulados, creschos, xaspeados de trufas...

Ou ben ainda mais, olla pasar ringlas de paxeciños levando traballosoamente pratos e mais pratos despedindo cheiros tentadores, e co-eles coida entrar n-a gran sala xa porparada pr' o festin. Madre Santísima, o que ali hay!! A longa

mesa toda esprandecente e chea, os pavos co-a galanía d' as prúmas, os faisás estendendo as suas áas douradas, as botellas coor de rubí, as pirámides de froitas entr' as verdes polas e aqueles pescados divinos de que falaba Garrigou (non era mal Garrigou) esparexidos n-un leito de fentos, co-as escamas de nacre como si acabasen de sair d' as augas e c' un ramallín de recedentes herbas espetado n-os seus fociños de móustros. Tan latexante é a vision d' aqueles feitizos, que lle parece a fray Balaguer que todos aqueles pratos admirabilísimos sírvenlos diante d' os seus ollos sobre d' os bordados d' o pano d' o altar, e duas ou tres veces, en lugar d' o *Dominus vobiscum* marmura entre dentes o *Benedicite*. Aparte d' estes cativos erros, o bendito crego vai enxergando os latinorios concenzudamente, sin saltar un ringuilon, sin deixar de facer unha xenuflexion, e todo vai ben hastra o arremate d' a promeira misa: porque xa sabedes que a Noite-Boa ten o mesmo crego que dicir tres misas a reo.

«Xa vai unha!» dí pra contra sí o señor abade c' un sospiro de folgo: dempois, sin perder un menuto, faille sinal ó seu axudante, ou a quien pensaba qu' era o seu axudante, e...

Dilín! Dilín! Dilín! Dilín!

Escomenza a segunda misa e co-ela o pecado de fray Balaguer. «;A presa, mais a presa, mais a presa!» béralle co-a sua voz áspra a campaíña de Garrigou, e d' esta o coitado misante, dándose xa ó demo d' a gula, debrúzase sobre d' o misal e engule as follas reloucando de fame. Arrautado, báixase, érguese, encabala os crístos, as xenuflexiós, abrevia os textos pra arrematar aixiña. Cuasementes que non estende os brazos ó evanxelio nin bate n-o peito ó *Confiteor*. Ambos e dous, crego e san cristán, disputan a quem debullará os latís mais a presa. Versículos e responso entropezan, arrempúxanse; as palabras, a medio dicir, co-a boca pocha, por non perdel-o tempo en abrila, morreu d' as goxas pra dentro.

*Oremus ps... ps... ps...*

*Mea culpa... pa... pa...*

Cal vendimadores que de bolina espremen o vagizo n-as cubas, os dous enhárçanse n-o latin d' a misa, pónense pingando co-as salpicadelas.

*Dom... scum!* dí fray Balaguer.

...*Stutuol* responde Garrigou, e namentres a condanada campaíña non para de soar n-as suas orellas, a xito d' os cascabeles que se lles poñen ás bestas de tiro pra que camíñen a galope. Xa

vos deprocatandes de que por esta carrileira unha misa rezada non ten moitas tripas.

«;Alá van duas!» dí o crego abofexando; e a seguida, sin darse tempo pra folguejar, roxo, sudando, baixa as escaleiras d' o altar a reboladas e...

¡Dilin... dilin... dilin... dilin!

Escomenza a derradeira misa. Alcóntranse a poucos pasos d' a mesa d' o comedor; mais ¡ay! que canto mais a tergo teñen a cea, o coitado frade síntese apreixado por unha impacencia e unha gula tolas. A sua vision arrechégase e toma corpo; as carpas douradas, os pavos asados están alí, alí... Apálpaas... cheir... Oh, Dios! Os pratos fumegan, os viños arrecenden, e sacodindo o seu enrabechado cascabel, a campaíña béralle:

«A presa, a presa, inda mais a presa!»

Pero como mais a presa. ¡Si cuaseque non move os lábeos! ¡Si xa non prenuncia as palabras! A non ser que s'estreva a comer a misa sin medo a Noso-Señor! Meu dito, meu feito; de tentacion en tentacion empeza por pasar un versículo, logo dous. Dempois a epístola réndelle moito e volve a folla dinantes d' acabala, avanta pol-o evanxelio, fuxe por diante d' o credo, brinca pol-o *pater noster*, sauda de lonxe o prefacio, e a brincos y-a tumbos afundese n-a condanacion eterna seguido pol-o infame Garrigou (*vade retro, Satanás*) que lle axuda á maravilla, érguelle a casulla, volve as follas a pares, tropeza c' os atriles, tumba as vinaxeiras, e sin darse vagar estrapexa que estrapexa n-a campaíña de cada vez mais forte, de cada vez mais aprésa!

O que tén que ver é a cara arrepiada que poñen os devotos! Obrigados a s' axustar os xestos d' o crego n-aquela misa d' a que non oyen unha palabra, érguense ús cando outros se poñen de xinollos, estes sóntanse mentras aqueles s' erguen, e total-as cirimonias d'aquela embarullada misa mistúranse n-os bancos n-un revulvio de movementos de total-as castes. A estrela d' a Noite-Boa n-as corredoiras d' o ceo, camiño d' o presebiño de alá embaixo, esmorece medorenta vendo aquela barafullada...

«O capellan corre moito... Non se pode seguir...» marmura a señora marquesa sacudindo espavorentada a sua cofia. O señor Arnoton c' os seus grandes anteollos d' aceiro encabalados n-a nariz, esculea por onde vai n-o seu devocionario. Mais, n-o fondo, toda aquela boa xente, que tamén soña co-a cea, non sinte que a misa vaya así de corripias, e cando fray Balaguer, cou-

rostro esprandecente, vólvese escontra os feigreses berrando á mais non poder: *Ite, missa est*, non hay sinon unha voz n-a ermida pra lle responder un *Deo gratias* tan rebulidor, tan churrusqueiro, que xa parés que o din sentados á mesa n-o primeiro brindis d' a cea.

## CAMIÑO DE MONFORTE.

## (Impresiós.)

Conclusión.

Habendo tantas mulleres bonitiñas, tantas polas que fan perder a estribeira —s' é que o qu'ás contempra monta— é burrada gastar tempo, tinta e mais papel en cousas que leve xuncras s' un grau de centeo se m' importan. Mulleres dixen, mentin, non son mulleres, son rôlas, rôlas tampouco, de seren, s' é que son algo, son pombas d' esas qu' arrulan amantes, que feitizan cando voan e que ô espoldrexarse, vamos! todo o que as mira reloca. ¡Qué secretos condergados descobriron esas polas pra ter arrulos n-a fala, pra ter n-os andares groria, pra ter mais lume n-os ollos q' un ferreiro ten n-a forxa, e n-as meixelas y-os lábeos bermellez de tintas roxas d' un ceo de vrau cand' o sol mete o carís tras d' as lomas! S' hay por preto algun valente eiquí está un home qu' apostá que, cal pol-o outono triste entr' os hérvodos d' as touzas as castanas d' os ourizos can misturadas con follas, así d' esas raparigas s' é que as abalan, por forza que, como chuvia de cheiros, lles can pétalos de rosas. Toda a sal d' Andalucía con ser tanta, segun contan, tenna unha d' esas rapazas n-unha fala, n-unha volta.

E vamos indo pr' a diante qu' este camiño ten costa e si m' esbarata un pê, mala rabia, fendo a chola. Fumos cara a Compañía coartel, fai sigros, d' a tropa d' os guerrilleiros soldados de san Ignacio Loyola.

Dinantes de entrar n-o templo n-unhas ándegas, à porta, vin un demoro d' un santo feito de lacôs e roscas, e dixen pro meu chaleque e contra as miñas cirolas: «Este si que ch' é de freba e pódese por á proba, qu' anque milagres non faga porque xa non son de moda, quen lle salte n-o bandullo con alentos e con forza e lle meta tres dentadas enterrando n-él as moas, unha de duas, reventa ou si non reventa toupa.» Rubimos as escaleiras que son pinas e son moitas, y-atravesamos tres craustros e traspuxemos cen portas. Un lego panzudo e grosso pequeno e co-as patas tortas, foinos ensinando todo con moi santa parsemonea, o refeutorio, as tribunias, a cuciña e mais a horta, y-o xardin e logo a eirexa non sei si de mala ou boa voluntade, qu' o curioso soilo é de xeito pr' a roupa. «O entrar n-o templo un relambo me feriu, quedou ausorta a vista, y-ollos non tiven pra mirar pr' aquela xoya pr' o retabro, pra esa orxia d' inspiraciós portentosas onde n-un fato de táboas, un titán deixou a mostra d' o seu poder soberano, y-a lembranza luminosa d' un buril que pudo ser frabicado n-unha forxa con íris d' os firmamentos e d' os abismos co-as sombras. Parés qu' estou presenciando d' aquel xenio a ruda loita: unha mau que fende as fibras d' a madeira renxidora, us ollos qu' andan inquietos, que parés que san d' as órbitas, que non se sabe onde miran con olladas descompostas; a palidez n-unha frente, a tempestad n-unha chola, os relámpagos n-un celebro y-a febre n-un alma tola. Non é milagre que ô Hermida lle quedase, segun contan, de tanto e tanto mirar pr' o retabro, a testa torta. Y-afé qu' é xente sabida a xente lega, resoira! que por algo é d' os mosteiros

a pauliña y-a carcoma.  
 Por perguntar, pergunteille  
 á un d' os d' a casta unha couxa  
 anque de sabela farto  
 estaba eu n-aquela hora,  
 porqu' á ninguén se ll' esquecen  
 d' a sua pátreas as limpas grorias.  
 Pero pegoume pr' ahí  
 son franco, basta de voltas,  
 qu' eu á ninguén necesito  
 d' o qu' ás veces se m' antoxa  
 —cicais pol-a mor d' os uervios—  
 dar espricaciós nin contas.  
 —Faime un favor, meu amigo?  
 —Vosté dirá e sendo couxa...  
 —Elle caso d' este viernes,  
 unha perguntiña solta,  
 saber como lle chamaban  
 ó que tallou esa xoya  
 qu' o meu ver, coido de min,  
 qu' habia ser home de sona.  
 O lego rañou a testa  
 como aquel que fai memoria,  
 pechou os ollos tres veces  
 y-outras tres abriu a boca  
 y-o cabo d' un anaquiño  
 de cavilaciós moi fondas  
 miroume (todo era orellas  
 eu pra oubir a sua rimposta)  
 e c' unha cara de pásqua  
 moi satisfeita e risoña  
 díxome:—Pois non ll' o sei.  
 —Gracias... *Co-eso xa m' abonda*  
 repiqueille á aquel touciño  
 qu' andaba en duas pernas tortas  
*pra saber*, dixen por baixo,  
*que caste eres de presoa...*  
 Ay Moure, escultor sobrime,  
 durme sin ánsea n-a cova,  
 non teñas pena, q' un lego  
 s' esqueza de tí *¿qu' importa?*  
 Segun d' a parte que veñan  
 hay que lle dar tino ás couzas,  
 e tí xa sabes, artista  
 que o que con legos s' acosta...  
 'O fin y-o cabo esas xentes  
 qu' andan sempre á sopa boba,  
 d' as artes, n-as de cuciña  
 solo ch' están ben impostas,  
 e cuás que se xuzgan cregos  
 anque non levan corda.  
 Pra manducar boas talladas  
 e quentarse ó sol n-a horta  
 leve o diaño si fai falta  
 gastar tempo e gastar forza  
 en deprender sabidencias  
 de crítega nin d' historia.  
 O estudeo!... qu' o fenda un rayo,  
 a ilustracion!... que se tolla.  
 Si nada d' eso é preciso  
 pra entrar n-o reino d' a gloria,  
 si pra ir ó ceo, pol-o atallo,  
 segun o que din abonda

con saber rillar doux textos  
 ou tres d' a «Suma teolóxica»,  
 á que meterse en fonduras  
 nin lle dar ó maxin voltas?  
 Qu' a pruma alcenda lostregos  
 d' o papel n-as brancas follas,  
 qu' os ventos d' a cencia axiten  
 as correntes bramadoras  
 d' o mar social, que s' estrelen  
 as tempestades d' afora  
 n-o mosteiro onde os salayos  
 non se sinten ni-as congoxas  
 d' os feridos qu' agunian,  
 d' os que brazo á brazo loitan;  
 qu' as superticiós groseiras  
 teñan cetro e teñan crúa;  
 qu' haxa almas que busquen luz  
 de verdades, qu' haxa bocas  
 abertas que pidan pan  
 e traballo, qu' haxa horfas  
 que pol-as noites, n-as ruas,  
 a cambio d' unha limosna,  
 pra matar fames que sinten,  
 fagan troques d' as suas honras;  
 que os obreiros agunien  
 esfamiados entr' a sombra;  
 que s' entronice a canalla,  
 qu' o fraude merque as alfombras  
 conque os pazos d' os rateiros  
 de lanvita se decoran;  
 que ande en coiros a luxuria,  
 que n-as festas crapulosas  
 o vicio trunfe e que caya  
 esfarelada a vergonza;  
 que se feiren as concencias  
 e qu' haxa mercados d' honras...  
 ¿Qué val todo eso, que val  
 nin que xuncras lles importa  
 ós que dende a praya miran  
 reventar ó louxe as olas?...  
 Qu' outros traballen pra eles,  
 qu' outros combatan n-a loita,  
 qu' outros velen, qu' outros sufran...  
 Deixai ós legos que durman  
 panza arriba ó sol n-a horta...  
 Pasai... non-os espertedes...  
 ;Besta d' a priguiza, ronça!  
 E vámonos pr' a estacion  
 porque vai sendo xa hora,  
 collamos canto n-os coches  
 y-hastra mais ver, que xa soa  
 o pito d' o señor xefe  
 qu' é tamen pito de conta.  
 Adios rua d' os Salgueiros,  
 adios nenas, adios pólás,  
 non sei cando volverei  
 si pr' a Pascua ou Noite Boa.  
 Si sallo con ben d' un preito  
 por fortuna milagrosa,  
 xa o sabedes, as legrías  
 entr' os amigos se mollan.  
 Ansi pois, viño d' Amandi

ha de correr por cazolas,  
haberá enchenta d· as finas  
y-o demo y-a nai de zocas.  
N-o Lemus ¡vaya unha panza  
á que lle vin eu á bota!  
Pois en Canabal, non minto,  
y-eso qu' é preto, ningota.  
¿Qué faguemos, ó chegar  
á Rivas d· o Sil a tropa?  
enchela; pois n-os Tres-Ríos  
xa nin pinga y-enton volta  
á infrar o fol, e n-a Barra  
non se diga, a mesma conta.  
Eso sí, ó chegar á Ourense  
rezumaba... pol-as bocas  
d· os truhás que n-o pelexo,  
e craro, con tanta ronda,  
nin pra misar s' alcontraba  
outro tanto ansí n-a bota.

ALBERTO G. FERREIRO.

Ourense, 23 de Xunio 1885.



#### O PRÍNCEPE D· OS PORCOS.

Non hay porco que teña mais sona n-esta alcaldía: parés unha caste de ave Fénix pol-o que revive d· as suas cinsas: é un marrao (con perdon) d' aqueles que se din de sorte, d· os que se chaman enxebres.

Pol-o mes de san Xuan amostrase todolos anos n-o seu esprandor n-a vila d· as Burgas, por mais que xa pol-o Mayo apareza de riola briando á xeito d· estrela con rabo.

D· as suas tripas san todolos farolillos que alumán, todal-as müsecas que sonan, todal-as fachadas e foguetes que se queiman n-a fuliada de san Antonio.

Foncho e grosso, campa pol-os seus respetos, estrévese á metel-o fuciño n-os sacos de fariña que teñen preto de sí as vendedoras de broa n-a barreira, que cuíseque entenrecidas, lonxe de s' alritar, dínlle: «Come, filliño.». Xa podería un rapaz famento facer outro tanto!

Aquellos probes mulleres agasallan mais ó porco nomeado de san Antonio, que á calquera d· os pequerrechos espídos e famenteos que ond· elas s' achegan pidíndolles unha limosniña pol-o amor de Dios.

D· a garda municipal xa non se diga. Teñen órdes d' escorrentar á todolos marraus d· a vila

que segun contas pasan de millenta—pol-o menos conocidos,—e fan como que non ven ou sopáranse pra que non entopece n-o camiño sempre que o tal porco pasa por ond· eles co-a maxestosa marcha d· un capitán xeneral presedindo unha procesión.

Leva un chocallo dipindurado n-o pescoco; sona o chocallo, gardas e veciños can n-a conta de que hay un porco n-a vila c' o que non rezan as ordeanzas nin as órdes que rixen pr' os demás, je nin por esas!

Como si o porco tivese conocemento, anda como gabándose d· os privilexos que disfruta pol-a costume. O señorito de vista baixa con arrumallos e cintas como si fose unha señorita de vista lostregante e d· as más repinicadas, gasta de compridos e de cirimonias. A min mesmo me disputou nantronte a direita d· unha acera. Eu á non deixarlla, y-él á gruñir y-a fozar entr' a parede y-as miñas pernas, saíuse co-a sua, e gracias á que m' agarrei que sinon túmbame n-o chau.

O santeiro laudou a agudeza d· o porco; duas vellas, presinándose como si arrenegasen ó demó, achacaron o feito a milagre; un fato de trasfegos rapaces foron en algueirada berrando detrás d· o trufante bacoriño, y-os axentes e gardas d· o Auntamento, esas farangullas d· as autoridades, sourrindo pol-a sorna morna, arremataron a festa.

Si pillan á calquera porco de veciño n-as ruas agárrano pol-o rabo e vay ás aforas a fozar n-o barcal. O príncepe d· os porcos búrlase d· as pauliñas que lles botan ós seus compañeiros, ten á menos fincarlle o fuciño ás patacas porque non gusta mais que de farelos ou de fariña, e sinón reclama o dereito eleitoral nin se lle pasa pol-a cachucha ser rexidor, non é porque non se xuzgue merecente d· elo, que será pra se ver libre de trabucos e cámimas. ¡Abofellás que non vay descamiñado!

As xogadas que lle fixo d· esta emposta ó probe d· o gaiteiro, condanado á infrar o fol y-a remexer n-o punteiro c' os dedos en laudes d· o animaliño, non son pra contadas.

Canso cicais de que o fixesen sair co-a gaita pol-as ruas, parábaxe de súpito, maneaba as orellas, desandaba o camiño andado, e si o gaiteiro relaxándose deixaba de tocar, o vizoso porco facía diante por diante de cantos tiñan ollos, o que non se lembra, como dicindo: «Vay collendo á conta pra mollares a palleta.»

¡Qué cousas meus compañeiros de monteira, qué cousas se ven n-as vilas!

Nantroute rifouse o príncepe d· os porcos y-estrondaron as bombas como si se tratase d' un acontecemento.

¿A quién lle tocou o porco? ¿Quén foi o agasallado co-esa lotería?

Fose quen fose alá pr' o inverno darálle gañete, y-o príncepe d· os porcos morrerá como morren os mais sin chegar á vello, ás maus d· o matachin e d· a morte mais porca que se conece, sin que lle valla pra que non ll' enterren o coite-

lo n-as gortexas o que fose mantido pol-os devotos de san Antonio, precúrado pol-os maordomos, respetado pol-os que mandan, pois non s' estreveron a facer co-él o que fixeron c' os d' os probes, e traxido e levado pol-as ruas co-a gaita.

Xa que tantos agasallos lle fan en vida, ¿por qué non agardan a que morra de seu?

*Cousas d' o mundo!* A tentacion d' os pernilles e d' a cachucha, d' os touciños e d' os lacões pode mais que as tolerías d' o fanatismo entr' os que teñen estómago e dentes.

De vivo téñeno por un porco cuáseque bíblico, e falta pouco pra que o poñan n-as nubes: de morto trátano como a calquera d' os que se crian e ceban n-o cortello d' o mais relaxado.

E pra esto éval a pena de dar os escándalos que se dan en Ourense c' o porco que as xentes non sienten escrúpulos en chamar de san Antonio?

### Conto.

Un aguacil acorado  
saíu d' Ares unha vez  
buscando á nome d' o xuez  
un preiteante emprazado.  
Alcontrouno asosegado  
comendo á mais e mellor,  
e dixo: «Bula, o señor  
xuez agardando está,  
si se detén, perderá  
preito e costas, yelle pior.

O outro, Xan d' o Penedo  
qu' é letrado de silveira,  
dixo: «De calquer maneira  
maldito si me pon medo;  
pra disgustos sempre é cedo,  
vosté ben pode marcharse,  
vai á perderse ou ganarse?  
Pois nin por esas m' apuro;  
teña, señor, por seguro  
que o promeiro é alimentarse.»

Xan Caabeiro.



*O Rexional*, diario de Lugo, aconséllame que me descubra un pouco.

Como si non estivese enteirado de que non teño pelo de tonto.

¿Ou daralle agora porque lle saquen a monteira?

Nin que fora d' os fidalgos  
d' o papel d' o faramello.

¡Cra! Botarlle cen galgos  
à lebre d' ese consello.

Un d' os soldados que sairon d' os cuarteles de Madril o dia d' a xornada contra o bacillus vírgula, coidou que saían con órdes de matar o cólera.

*Canté!* Quen poidera arrematalo. Mais como s' achantou n-a cabeza d' o ministro d' a Gobernación, búrlase d' as baonetas dicindo pr' os seus *bacillus*: «Dinantes de que m' esboiren teñen qu' escochar un ministro d' España.»

O soldado que tal pensou errouna: socedeulle o d' aquel castelao que non fai moitos días que levou un poste de seis horas agardando n-a Ponte pol-a *clisis* que viña de Madril.

A crisis non veu nin os soldados mataron o cólera. Sabendes por qué? Pois evos porque o cólera y-a crisis alcóntranse ben n-as maus d' os que gobernan o cotarro.

—Por agora vamos ben  
de saude acó en Galicia,  
qu' inda non toupon ninguén  
d' o cólera.

—E de xusticia?  
—D' eso... direiche... tamén.

Os concexales suspensos de Verin pasa de trinta días que se degoran por alcontrar os concexales interinos. Estes, ventaron qu' é pra requirilos e voaron como anduriñas escorrentadas, escontra as aldeas.

Os suspensos xuran e perxuran que s' espan taron pra non deixar o canto que teñen n-o Concello, n-o que seica non s' atopan á disgusto; pero pra min o allo non está n-a fuxida.

Diránse us á outros: «¿Quérennos requerir como si fósemos pantamas ou almas en pena? Pois inda estamos vivos. Vayan á requerir ós mortos, e si non lles peta que se boten de sulago n-o Támega pra ver si lles refresca a cholá, pois tranna quente.»

O víspera de san Xoan  
según me din de Mugardos,  
queimáronse cantos cardos  
froleaban n-aquel chan;  
as mozas que o diaño fan,  
fixeron a falcatrúa  
cando esparexiá a lua  
os seus promeiro refrexos,  
pra agoirar si os seus cortexos  
han casar con cada sua.

Pra se librar d' as esculcas d' a xunta de sani dá d' o barrio, un veciño d' esta vila levou pr' o terceiro piso d' a sua casa dous porcos que tiña n-o cortello.

Os bacoriños, que nunca se viran n-outra limpeciña com' aquela, fixeron o cubil n-a cama e deitáronse.

Cando se foi á deitar un fillo d' o dño que trasnoitara, por un pouco non morre de susto ó entopezar c' os marraus.

¡Unha parexa de porcos n-un terceiro piso!

¡Qué razon teñen os cesantes en decir que a carne de porco anda pol-as nubes!

A somellante modo de rubir non tardará en chegar aló.

O sancristan d' unha feigresía de Valencia que vendia o aceite d' a lámpara d' a eirexa a precio d' ouro como meiciña segura pra esboiralos microbios, morreu d' un caso de cólera fulminante.

O inventor d' o aceite de bellotas pra facer sair o pelo era, segun contan, calvo.

Fiarse, fiarse n-os efectos d' os específicos.

Unha moza morreu en Mondoñedo de resultas d' un susto que lle meteu de súbito un veciño; pra que as mulleres anque teñan medo non morran de disgusto, d' asustalas, facéndello a modiño.

Pol-o que vou vendo terei que dar n-a maña d' aquel alcalde de Vigo que tomaba medidas por adentro e por afora.

Porque hay moitos suscritores que se me poñen de gorra, e non mandan as cadelas, e non axustan as contas.

Os conservadores din que deron a castaña ós liberales.

¡Ollos que tal viran! Pero non foi así, porque Sagasta anque fixo que a collia deixouna n-un curruncho pra que lle toupe n-a casa a Canovas.

E toupará porque a cousa xa queima.

N-as festas d' a Cruña haberá tres corridas de touros.

¡Touros en Galicia, onde os labregos emigran por non teren traballo, onde a usura medra como a mala herba n-os agros, onde non hay unha Academia e onde os mais d' os maestros d' escola teñen dous mil reás ó ano?

¡Ay! ¡Si os tolos d' a cabeza non camparan tanto n-a terriña, logo s' habia d' encher o manicomio de Conxo!

Débese chamar don Bricio algun empregado público, porque nantronte un labrego.

que ten xenio, e que ten fumos, ó sair d' as oficinas escramaba coraxudo:

¡Qué don Bricio nin puñesflas, ese pra min é don Brucio, don Rayos ou don Centellas, pois trátanos como burros, e consinte que nos poñan unha albarda n-os consumos. Si un cala, solta os cartíños, si un se queixa d' os trabucos dempois d' agardar sentado seis horas pol-o don Brucio, ponmos cara de ferreiro e cuasque nos chama brutos.

¡E que digan que os que cobran están pra servir ó público!



#### CORREO D' O TIO MARCOS.

D. E. M. B., Acebedo.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' o trinta d' este mes.

D. C. P., Barcelona.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Setembre.

D. R. R., Vilanova de Lorenzana.—Recibin seis pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Mayo d' o ano que ven.

D. X. P. P., Baralla Farexe.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Setembre.

D. S. A., Sobradelo.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' Agosto.

D. E. G. E., Cuntis.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Setembre.

D. X. P., Redondela.—Recibin seis reás pol-a sua suscripción hast' os derradeiros de Setembre.

D. X. P. d' o R., Oviedo.—Recibin unha libranza de tres pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' este ano.

D. T. Y., San Xuan d' o Rio.—Recibin duas pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' Outubre.

D. N. V. S., Santa Marta d' Ortigueira.—Recibin unha libranza de seis pesetas pol-a sua suscripción hasta fin de Novembre.

D. S. d' a R., Vigo.—Recibin tres pesetas pol-a sua suscripción hast' os derradeiros d' este ano.



## O TIO MARCOS D' A PORTELA

PARRAFOS GALLEGOS

Sai á luz en Ourense todolos domingos en oito páginas en folio, contendo artículos de costumes, poesías, esemérides, cantares e contos d'o país gallego.

### SUSCRICION

Seis reás cada tres meses.

### ADMINISTRACION

Alba, 15, Ourense.

O pago d' as suscricions é por adiantado.—Os números soltos véndense á dez centimos de peseta.  
—Os pagos faranse en letras d' o xiro.

## A COMPETIDORA D' A NEVE

### GRAN FABRICA DE GASEOSAS,

OURENSE—Rua de San Miguel, 16, baixo, conserxería d' a Union—OURENSE

Non térlle medo a raxeira  
d' o sol, nin tampouco ó cólera  
namentres haxa n-a Union  
os sifós de gaseosas;  
con levar n-a faltriqueira  
dez cadelas en dez rodas,  
pidir un sifón, e darlle  
a un gancho que ten á volta,  
pol-o canuto dianteiro  
sai un auga que consola,  
é fresquina como a neve  
anque parés que afervoia:  
fai ó bebela, n-os labeos  
non sei que xuncras de cóxegas,

que parés que os anxeliños  
as maus n-os poñen n-a boca;  
tanto n-os refresca e prace  
cando pasa pol-a gorxa,  
que asemella a auga d' o ceo  
que por embudo n-os botan,  
e cai d' un xeito n-o estomago  
qu' o refrixera e conforta.  
Non houbo un home n-o mundo,  
que bebendo gaseosa  
mórrese de indigestion  
ou sentise a expansión  
porque vos e  
que com' ela

